

MYKES

Boletín do Grupo Micológico Galego
“Luis Freire”

Volume 12
2009

APORTACIÓNS COROLÓXICAS AO XÉNERO *AMANITA* PERS. EN GALICIA (N.O. DA PENÍNSULA IBÉRICA)

por

O.REQUEJO*

REQUEJO, O. 2009. Aportacións corolóxicas ao xénero *Amanita* Pers. en Galicia (N.O. da Península Ibérica). *Mykes* 12: 37-43.

RESUMO:

Descríbense e coméntanse aspectos interesantes de tres taxons do xénero *Amanita* Pers. raras ou pouco coñecidas en Galicia.

Palabras clave: *Basidiomycota*, *Pluteaceae*, *Amanita*, coroloxía, Galicia.

REQUEJO, O. 2009. Chorological contributions to the genus *Amanita* Pers. in Galicia (NW of the Iberian Peninsula). *Mykes* 12: 37-43.

SUMMARY:

Three taxa of the genus *Amanita* Pers. which are rare or little known in Galicia are described here, interesting aspects are also commented.

Key words: *Basidiomycota*, *Pluteaceae*, *Amanita*, chorology, Galicia.

INTRODUCCIÓN

No presente artigo intentamos seguir a liña de outros traballos sobre o xénero *Amanita*, como os de CASTRO (1998) ou JUSTO (2006), para aportar así máis datos sobre a distribución de tres curiosas e pouco coñecidas especies pertencentes a dito xénero.

A. boudieri var. *beillei* é unha rareza entre as *Amanita*, polas súas características láminas de cor rosa. Igual de interesante, neste xénero atopamos a *A. torrendii*, antiga *Torrendia pulchella*, unha forma secotioide recentemente recombinada (JUSTO *et al.*, 2010). Morfoloxicamente, *A. pachyvolvata* é o taxon

*R/ Coruña nº 12, Salceda de Caselas E-36470-Pontevedra. e-mail: oscarequejo@hotmail.com. Membro do Grupo Micolóxico Galego Luis Freire.

deste artigo que mellor encaixa na descrición que se ten dunha *Amanita* (*sección Vaginatae*), escasamente distribuída en España, aínda que en Galicia parece que está nun lento, e aparente, proceso de expansión.

METODOLOXÍA

A metodoloxía seguida neste traballo foi a habitual (FRAITURE, 1993; NEVILLE *et* POUMARAT, 2004 e JUSTO, 2006).

Para os exemplares observados anotáronse os caracteres organolépticos e ecolóxicos *in situ*, máis tarde foron deshidratados e etiquetados, para a súa posterior revisión no laboratorio.

Utilizouse un microscopio Nikon E100, con obxectivos de 40x e 100x en inmersión en aceite, e oculares de 10x. As medicións das estruturas máis relevantes se fixeron mediante o programa ProgRes® CapturePro 2.7 asociado á cámara dixital Jenoptic CT3. Os reactivos utilizados foron: vermello Congo, reactivo Melzer e KOH (10%).

As *exsiccata*, correctamente etiquetadas, gardáronse na micoteca do Grupo Micolóxico Galego (GMG-Fungi) e na do Centro de Investigación Forestais e Información Ambiental -CINAM- de Lourizán, Pontevedra (LOU-Fungi).

CATÁLOGO DE ESPECIES

***Amanita boudieri* var. *beillei* (Beauseign.) Neville *et* Poumarat, *Doc. Mycol.* 26(101): 21. 1996**

Macroscopía

Píleo de 50-65 mm, convexo, de cor branca ou branco cremosa, ornamentado con pequenos copos piramidais brancos, marxe non estriado. Láminas ventrudas, ata 8 mm, ao principio de cor crema ata que pasan a rosa e finalmente escurecen coa idade. A aresta é máis clara, finamente serrada ou con aspecto flocoso, contrasta co resto da lámina. Estipe de 80 x 20 mm, branco, coa base bulbosa e napiforme, anel ausente. Volva fugaz, deixando sobre o pé restos flocosos. Carne branca, ao corte toma unha lixeira cor rosada baixo a cutícula e na inserción do pé co píleo, así como en zonas onde a carne está embebida. Non se apreciaron sabores ni cheiros salientables.

Microscopía

Esporas elipsoides co apéndice hifal ben definido, lisas, de 10-12,5 (14) x 4,5-6 µm. Basidios craviformes, tetraspóricos, raramente bispóricos, de 50-60 x 10-13 µm. Veo xeral formado por esferocistos deformemente globosos, piriformes ou case craviformes de 30-75 µm de longo. Non se observaron fíbulas.

Esporada rosada ou crema rosado

Observacións

A priori é un taxón fácil de identificar, só se podería confundir con outras especies da sección *Solitariae*, como *Amanita boudieri* Barla ou *Amanita gracilior* Bas et Honrubia, especialmente na súa etapa xove.

Presenta una escasa distribución en Galicia, só a atopamos citada para Lugo en Ombreiro e O Incio (CASTRO *et al.*, 2000) e para A Coruña en Coristanco (MARCOTE *et al.*, 2003). Esta é a primeira cita para a provincia de Pontevedra.

Tamén a atopamos en Cristiñade, no concello de Ponteareas (Fig. 2), convivindo coa *Amanita torrendii*. Non se conserva *exsiccata*.




Fig.2. *Amanita boudieri* var. *beillei*, exemplar atopado en Cristiñade, Concello de Ponteareas (Pontevedra).



Fig. I. *Amanita boudieri* var. *beillei*. A: Esporas. B: Basidios. C: Elementos da volva.

Material estudado

ESP, Pontevedra, As Neves, 29TNG4659, baixo *Cytisus scoparius*, I I-IV-2010, Leg. M.Castro e Grupo Micológico Galego, GMG-Fungi 00033.

Amanita pachyvolvata (Bon) Krieglst., *Beih. Z. Mykol.* 5(2): 191. 1984

Macroscopía

Píleo de cor marrón agrisada de ata 110 mm de diámetro, coa marxe claramente estriada, inicialmente acampanado, con tendencia a aplanarse, formando un ancho mamelón. Non se apreciaron restos do veo xeral no sombreiro. Láminas libres, brancas e flocosas, coa aresta gris e dentada. Estipe cilíndrico, de 16,5 x 10 mm, ensanchándose cara a base, de cor agrisada con estrías branqueciñas, anel ausente. Volva en forma de saco, moi ancha e elástica, de cor gris. Carne branca sen cheiro nin sabor relevantes.

Microscopía

Esporas globosas ou subglobosas, de 9,6-12,4 μm , apéndice hifal ben definido. Basidios craviformes de 40-50 x 15,5-16 μm . Veo xeral, composto por hifas filamentosas de 3,5-4,5 μm de ancho, non se observaron esferocistos. Pileipelis formado por hifas máis ou menos paralelas, coas hifas da capa máis superficial moi finas e entrelazadas.



Fig.3. *Amanita pachyvolvata*,
GMG-Fungi 00032.

Fig.4. *Amanita pachyvolvata*.
A: Esporas. B: Basidios.
C: Elementos da volva.



Observacións

A volva ancha e elástica de cor gris, a aresta das láminas concolor co sombreiro marrón agrisado e as estrías do mesmo, son caracteres

macroscópicos que nos axudan a distinguila. Segundo a bibliografía consultada pode existir confusión con *Amanita magnivolvata* Aalto, pero ésta presenta unha cor gris máis uniforme no sombreiro e esporas anchamente elipsoides.

En Galicia hai unha *exsiccata* no herbario da Asociación Micolóxica Pan de Raposo, procedente de Zas, A Coruña (PR-I251005592) e tamén unha cita para A Fonsagrada, Lugo (MARCOTE *et al.*, 2003).

No resto da Península atopamos varias coleccións, en Girona (CADIÑANOS *et al.*, 2006), en Barcelona (ROCABRUNA, 2002), en Huelva (ORTEGA *et al.*, 1994) e dúas incertas, unha no herbario da Sociedade de Ciencias Aranzadi (ARAN-5014189), e a outra no da Universidade de Córdoba (COFC 2921) (JUSTO, 2006). Debido a dificultade para identificala de «visu» é moi probable que teña distribución máis ampla.

Material estudado

ESP, Pontevedra, Salceda de Caselas, Soutelo, 29TNG3657, baixo *Pinus pinaster*, 14-X-2007, Leg. O.Requejo, LOU-Fungi 19638. Pontevedra, Salvaterra de Miño, Cabreira, 29TNG3961, baixo *Quercus robur* e *Pinus pinaster*, 19-X-2009, Leg. O.Requejo, GMG-Fungi 00032.

Amanita torrendii (Bres.) Justo, *Mycologia* 102(3): 682. 2010

(= *Torrendia pulchella* Bres., *Atti Imp. Regia Accad. Roveretana*, ser. 3, 8: 132. 1902)

Macroscopía

Basidioma secotioide, inicialmente semihipoxeo con forma globosa, despois desenrola un estipe de 20 x 5 mm sobre o cal se asenta o píleo de 18 x 15 mm, quedando o veo na base en forma de volva. O píleo é ovoide ou semigloboso e está composto por un peridio moi fino e unha gleba carnosa. Todo o basidioma é completamente branco e inmutable á manipulación ou ao corte.

Microscopía

Esporas de 9,8-16,7 x 3,7-7,2 μ m, Q= 2,4; esporas maioritariamente de subcilíndricas a baciliformes, aínda que tamén se apreciou algunha elipsoide ou oblonga. Basidios irregularmente craviformes de 25-50 x 10-18 μ m, tetraspóricos coa presenza de algún mono-, bi- ou trispórico.

Peridio composto por elementos globosos, subglobosos ou incluso craviformes de ata 30 μ m de diámetro, con hifas cilíndricas. Fíbulas presentes aínda que non moi abundantes.



Fig.5. *Amanita torrendii*,
GMG-Fungi 00034.



Fig.6. *Amanita torrendii*.

A: Esporas. B: Basidios. C: Peridio. D. Elementos da volva.

Volva formada por células de globosas a case piriformes mesturadas con hifas fibuladas.

Observacións

O material estudado concorda coas descrições de JUSTO (2006) e NEVILLE et POUMARAT (2004), a excepción de que non atopamos ningún basidio pentaspórico.

Esta especie era coñecida ata hai ben pouco como *Torrendia pulchella* Bres., pero como xa indicaba JUSTO (2006) parecía necesario o seu paso ao xénero *Amanita*, xa que a proximidade entre ambos xéneros quedara patente tras diversos estudos moleculares (MONCALVO et al., 2002). Estas suposicións foron confirmadas e é proposta a combinación nomenclatural *Amanita torrendii* (JUSTO et al., 2010).

É unha especie a protexer, debido a súa escasa distribución a nivel mundial. É unha das 33 especies de fungos do Anexo I da Convención de Berna (DE LONGH et BAL, 2007), aínda que en Galicia, e no resto da Península Ibérica (JUSTO, 2006), obsérvase con certa frecuencia.

Material estudado

ESP, Pontevedra, Pontearreas, Cristiñade, 29TNG3865, en camiño areoso,

baixo *Castanea sp.* e *Ulex europaeus*, 20-X-2009, Leg. M.Martínez Lago, GMG-Fungi 00034.

AGRADECIMENTOS

O meu agradecemento a Alfredo Justo pola axuda prestada, a Marta Martínez Lago e Marisa Castro pola cesión do material, e a todo o Grupo Micolóxico Galego pola colaboración no traballo de campo. Tamén a Pablo Veiga, por axudarme a mellorar a fotografía de *Amanita pachyvolvata*, e a Floro Andrés por poñer os medios necesarios para realizar esta investigación.

BIBLIOGRAFÍA

- CADIÑANOS, J.A., FIDALGO, E., LORES, J.A., MUÑOZ, J.A. et PALAZÓN, F. 2006. Algunos hongos interesantes recolectados en Cataluña. *As. Micol. Font i Quer.* 4: 8-18.
- CASTRO, M.L. 1998. Annotated checklist of the *Amanitaceae* (*Agaricales*, *Basidiomycotina*) of the Iberian Peninsula and Balearic Islands. *Mycotaxon* 67: 227-245.
- CASTRO, M.L., SANTORO, J. et REY-PAZOS, A. 2000. *Amanita boudieri* var. *beillei* (Beauseign.) Neville & Poumarat, nuevo registro para el N.O. de la Península Ibérica. *Bol. Soc. Micol. Madrid* 25: 89-92.
- DE LONGH, H. H. et BAL, D. 2007. Harmonization of Red Lists in Europe: some lessons learned in the Netherlands when applying the new IUCN Red List Categories and Criteria version 3.1. *End. spec. res.* 3: 53-60.
- FRAITURE, A. 1993. Les amanitopsis d'Europe (genre *Amanita*, *Agaricales*, *Fungi*). Synthèse critique de la littérature. *Opera Bot. Belg.* 5: 1-130.
- JUSTO, A. 2006. *Familia Pluteaceae en la Península Ibérica e Islas Baleares*. Universidade de Vigo. [Tese doutoral, inédita]
- JUSTO, A., MORGENSTERN, I., HALLEN-ADAMS, H.E. et HIBBETT, D.S. 2010. Convergent evolution of sequestrate forms in *Amanita* under Mediterranean climate conditions. *Mycologia* 102(3): 675-688.
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. et TRABA, J.M. 2003. *Cogomelos de Galicia*. Xunta de Galicia.
- MONCALVO, J.M., VILGALYS, R., REDHEAD, S.A., JOHNSON, J.E., JAMES, T.Y., AIME, M.C., HOFSTETTER, V., VERDUIN, S.J.W., LARSSON, E., BARONI, T.J., THORN, R.G., JACOBSSON, S., CLEMENÇON, H. et MILLER JR. O.K. 2002. One Hundred and Seventeen Clades of Euagarics. *Mol. Phyl. Evol.* 23: 357-400.
- NEVILLE, P. et POUMARAT, S. 2004. *Fungi Europaei vol. 9. Amaniteae. Amanita, Limacella & Torrendia*. Ed. Candusso. Alassio.
- ORTEGA, A., ESTEVE-RAVENTÓS, F. et MORENO, G. 1994. Contribución al estudio micológico del Parque Natural de la Sierra de Aracena y Picos de Aroche (Huelva, España). *Bol. Soc. Micol. Madrid* 19: 227-279.
- ROCABRUNA, A. 2002. *Amanita pachyvolvata*. In: *Societat Catalana de Micologia (ed.) Bolets de Catalunya, XXI Col·lecció. Làmina 1001*. Barcelona.